



Ana Patricia Torres Madureira, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN RELATIVA A INSTAR A ADIF AO MANTEMENTO, LIMPEZA E ROZA DAS INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS E Á ELIMINACIÓN DO USO DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS NA PREVENCIÓN DE INCENDIOS**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A provincia de Ourense conta cunha importante rede de infraestruturas ferroviarias que atravesan numerosos concellos, parroquias e núcleos de poboación, moitos deles situados en contornas rurais, forestais e de elevada sensibilidade ambiental.

As marxes das vías ferroviarias constitúen espazos que precisan dun mantemento periódico, especialmente no que se refire á limpeza, roza e retirada de vexetación seca ou acumulación de biomasa. A falta dunha correcta conservación destes espazos pode incrementar o risco de incendios forestais, especialmente nos meses de maior calor e nun contexto no que os episodios de seca, altas temperaturas e risco extremo de incendio son cada vez máis frecuentes.

Nos últimos anos producíronse na provincia de Ourense diferentes episodios que evidencian a necesidade de reforzar o mantemento preventivo das marxes ferroviarias. Un dos antecedentes máis significativos produciuse en Boborás, onde un incendio rexistrado no ano 2015 queimou arredor de 180 hectáreas e derivou nunha condena da Audiencia Nacional a ADIF e Renfe pola súa responsabilidade no lume.

Segundo recolleron distintos medios, o tribunal considerou acreditado que a causa do incendio foron faíscas e restos metálicos desprendidos dun tren, ao

atoparse os freos en mal estado, que prenderon nos restos de materia orgánica existentes xunto á vía.

Tamén en Boborás, no ano 2022, outro incendio forestal na parroquia de Xurenzás obrigou a cortar temporalmente a circulación ferroviaria entre Santiago de Compostela e Ourense, no quilómetro 289 da liña convencional. O tráfico ferroviario foi posteriormente restablecido, pero o episodio volveu poñer de manifesto a vulnerabilidade destas contornas fronte ao lume.

A estes antecedentes súmanse incidencias recentes noutros puntos da provincia. No mes de xuño de 2026, o Concello de San Cibrao das Viñas solicitou a ADIF actuacións de limpeza nas marxes da vía tras un incendio rexistrado na aldea de Castroverde. Segundo a información publicada, o lume tivo a súa orixe na caída dunha árbore nas inmediacións da infraestrutura ferroviaria.

Ese mesmo episodio foi recollido tamén como un incidente pola caída dunha árbore seca sobre a catenaria na liña entre Ourense e Taboadela, á altura da parroquia de Noalla, en San Cibrao das Viñas, provocando un conato de incendio e o corte da circulación ferroviaria.

Ademais, en agosto de 2025, varios focos de incendio na contorna da vía do tren interromperon a circulación ferroviaria en Ourense e provocaron cortes de luz en zonas como San Cibrao das Viñas, O Couto e Barbadás. Nese mesmo contexto, a conexión ferroviaria con Madrid chegou a quedar cortada durante varias horas a causa dun incendio que cercou a cidade de Ourense.

Estes feitos, con independencia da investigación concreta que corresponda en cada caso para determinar a orixe exacta dos lumes, poñen de manifesto que as contornas ferroviarias son espazos especialmente sensibles e que a presenza de vexetación seca, arborado sen control, restos orgánicos ou biomasa acumulada pode contribuír a incrementar o risco de incendio ou agravar as súas consecuencias.

ADIF, como entidade responsable da administración das infraestruturas ferroviarias, debe garantir un adecuado estado de conservación das vías, das súas marxes e das zonas de servidume, de forma coordinada coas administracións competentes en materia de prevención e extinción de incendios.

A prevención non pode limitarse a actuacións puntuais ou reactivas, senón que debe asentarse nunha planificación anual, sostida e eficaz, que permita reducir riscos, protexer os núcleos de poboación próximos ás vías, preservar o monte e garantir a seguridade das persoas, dos bens e do propio servizo ferroviario.

Así mesmo, resulta necesario avanzar cara modelos de mantemento máis respectuosos co medio ambiente, eliminando progresivamente o uso de produtos fitosanitarios nas marxes ferroviarias e priorizando alternativas mecánicas, manuais ou doutra natureza que permitan controlar a vexetación sen xerar impactos negativos sobre o solo, a auga, a biodiversidade ou a saúde das persoas.

A situación de abandono non se limita ás marxes e á vexetación circundante, senón que afecta tamén ao propio estado de conservación de numerosas estacións ferroviarias da provincia, tanto as que manteñen servizo de viaxeiros como as que quedaron sen el, amosando un evidente deterioro, con acumulación de sucidade, vexetación descontrolada e falta de mantemento tanto no interior coma no exterior das súas instalacións.

Esta situación de desuso non foi acompañada dun mantemento adecuado, senón que derivou nun progresivo deterioro destas infraestruturas, que en moitos casos permanecen anos sen labores de limpeza nin conservación, malia constituír, en non poucas ocasións, referencias históricas e patrimoniais para as localidades onde se atopan. O abandono destas estacións, ademais de transmitir unha imaxe de deixadez institucional, supón un problema de seguridade e salubridade para os concellos afectados.

O Grupo Provincial do Partido Popular esta comprometido coa defensa do territorio, a prevención dos incendios forestais e coa protección dos concellos da provincia e considera necesario instar a ADIF a reforzar o mantemento das infraestruturas ferroviarias que discorren pola provincia, especialmente naqueles treitos con maior risco forestal, próximos a núcleos habitados ou nos que xa se teñen producido incendios ou incidencias vinculadas á contorna ferroviaria.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

1. Instar a ADIF a realizar, con carácter urxente e periódico, labores de limpeza, roza, retirada de vexetación seca e eliminación de biomasa nas marxes das vías ferroviarias que discorren pola provincia de Ourense, especialmente nos treitos situados en zonas forestais, rurais ou próximas a núcleos de poboación e actuar de maneira prioritaria naqueles puntos nos que xa se teñen producido incendios ou incidencias vinculadas á rede ferroviaria.
2. Solicitar a ADIF a elaboración dun plan anual de mantemento preventivo das marxes ferroviarias na provincia de Ourense, que identifique os treitos de maior risco, estableza un calendario de actuacións antes da época de alto risco de incendios e inclúa mecanismos de seguimento e avaliación, incluíndo o estado da vexetación nas zonas de dominio público, protección e servidume ferroviaria, especialmente naqueles puntos onde a proximidade de arborado, matogueira ou biomasa poida xerar riscos de propagación de lumes.
3. Instar a ADIF a reforzar a coordinación coa Xunta de Galicia, coa Deputación Provincial de Ourense e cos concellos afectados, co fin de identificar os treitos de maior risco e mellorar a prevención de incendios nas contornas ferroviarias.



4. Instar a ADIF a eliminar progresivamente o uso de produtos fitosanitarios nas marxes das vías ferroviarias, priorizando sistemas alternativos de control da vexetación máis respectuosos co medio ambiente, coa saúde das persoas, coa biodiversidade e cos recursos hídricos.
5. Solicitar a ADIF información detallada sobre as actuacións de limpeza, roza, mantemento e tratamento da vexetación realizadas nos últimos anos nas vías ferroviarias da provincia de Ourense, así como sobre a planificación prevista para o presente exercicio.
6. Instar a ADIF ao mantemento e limpeza das estacións de tren situadas na provincia de Ourense, tanto no seu interior coma no seu exterior e con independencia de que se atopen ou non en funcionamento, dado o estado de abandono que presentan moitas delas, co fin de garantir a súa salubridade, seguridade e conservación.
7. Dar traslado deste acordo a ADIF, ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, á Xunta de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias.

Ourense, 09 de xullo de 2026.

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE